



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000007

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 16 DE MAIO DE 2019

ALCALDE

D. Mariano Iglesias Castro.

CONCELLEIROS/AS:

PSdeG-PSOE:

D^a Pilar Sánchez Ulloa

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. José Pardo Álvarez.

D^a María Amparo García Pernas.

D. José María Tojo Espiñeira.

D. José Antonio Calviño Gómez.

D. José Lino Bermúdez Sueiro.

PP:

D. José Manuel García Sesmonde.

Non asisten e se escusan:

PSdeG-PSOE:

D. José Fernando García Lesta.

PP:

D. Adolfo Manuel Grobas Vázquez.

SECRETARIO - INTERVENTOR :

D. Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 16 de maio de 2019, sendo as oito horas e trinta minutos, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000007

1. EXPEDIENTE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 01/2019. ACORDOS QUE PROCEDAN.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

"PROPOSTA DE PRESIDENCIA Ó PLENO DO CONCELLO
Expte. Transferencia de Créditos (Ref. TC 01/2019)

Incoado por orde desta Presidencia expediente de modificación de crédito por transferencia de crédito, referencia TC 01/2019, para facer fronte a unha inversión consistente na pavimentación e mellora de varios camiños municipais, que se encontran en deficiente estado para o tránsito, sendo necesario cumprimentar con crédito municipal a anualidade 2019 da subvención da Consellería de Medio Rural (Plan de Mellora de Camiños 2019-2020) outorgada a este concello por un importe total de 74.552,00€ (37.276,00€ anuais), sendo importe total do proxecto, incluído o control de calidade das obras, de 90.207,92€.

Considerando que a aportación municipal ao proxecto indicado no exercicio 2019 ascende a 7.827,96€, e que na aplicación orzamentaria 231.62200 do orzamento do exercicio 2019 hai crédito dispoñible, debido á baixa económica logo da licitación do PAI en Xanceda, considerándose reducible a citada aplicación nese importe sen perturbación do servizo.

É polo antedito polo que de conformidade co establecido nos artigos 179.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 40.3 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, visto o informe de Intervención, esta Presidencia somete o Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito TC 01/2019, polo que se transfere crédito nas aplicacións orzamentarias sinaladas na seguinte táboa.

APLICACIÓN NA QUE SE REDUCE O CRÉDITO	IMPORTE	APLICACIÓN NA QUE SE INCREMENTA O CRÉDITO
231.62200	7.827,96€	453.26.61900

Segundo.- Expoñer ó público o expediente, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de edictos da Corporación, durante o prazo de quince días, dende a publicación do anuncio no citado Boletín Oficial, para os efectos de exame e presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 179, en relación co 169 do RDL 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Se no se presentasen reclamacións, o expediente entenderase definitivamente aprobado sen necesidade de novo acordo plenario. Se se presentasen, serán resoltas polo Pleno.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15665 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000007

Mesía, 13 de maio de 2019. O Alcalde, Asdo. Mariano Iglesias Castro."

Manifesta o Sr. Alcalde que o concello ten que aportar o IVE na subvención indicada na proposta, e a anualidade 2019 ten que estar executada e xustificada antes do 15 de setembro, por iso tráese hoxe aquí este acordo nunha sesión extraordinaria. De seguido o Sr. Alcalde detalla o itinerario dos camiños incluídos no proxecto.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos concelleiros presentes.

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as oito horas e corenta minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.

Visto e Prace,
O alcalde,

FIRMAO POR Eladio Bendaña Pardo (FECHA: 30/05/2019 09:12:00)

Mariano Iglesias Castro

(FECHA: 30/05/2019 08:55:00)

FIRMAO POR Eladio Bendaña Pardo

Versión imprimible

CVD: U8dui9rrlMKix2BY9FvN
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.